



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Xaneiro 2021

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Xaneiro 2021


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xaneiro en Galicia un descenso do 18,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 9,3 puntos inferior á do mes de decembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 16,5%, 7,8 puntos máis que no mes anterior.
- No Comercio reduce a facturación o 23,2% e nos Outros servizos o 2,9%.
- En todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos diminúe en Galicia un 3,4% e en España un 4,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran descensos do persoal ocupado.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xaneiro en Galicia un descenso do 18,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 9,3 puntos inferior á do mes de decembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 16,5%, 7,8 puntos máis que no mes anterior.



O *Comercio*, cun descenso do 23,2%, resta 16,9 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* reducen a súa facturación o 2,9% e restan 1,3 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* diminúe o 13,3% e nos *Outros servizos* o 22,7%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* diminúe o 30,0%, co que resta 15,0 puntos a taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe un 9,9% e resta 0,4 puntos e o *Comercio ao retalho* cae un 7,1% e resta 1,4 puntos. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 12,9%, a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 23,9% e o *Comercio ao retalho* o 10,5%.

Os *Outros servizos* reducen a cifra de negocios en Galicia o 2,9%. O *Transporte* é o único sector que incrementa a súa facturación, 22,1%, co que achega 2,3 puntos a taxa de variación do índice xeral. A *Hostalería* é o sector que máis diminúe, -64,9%, co que resta 2,5 puntos.

En España, os *Outros servizos* diminúen o 22,7%. Todos os sectores rexistran taxas negativas. A maior caída dáse na *Hostalería* (-60,1%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice diminúe o 21,9% no mes de xaneiro.


O sector que máis contribúe a este descenso é a *Hostalería*, ao reducirse un 64,1%, co que resta 14,1 puntos. En senso contrario, o *Transporte* é o único sector que rexistra unha taxa positiva, 9,4%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 15,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 19,4%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de xaneiro en todas as comunidades autónomas reducen a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores descenso danse en Canarias (-35,1%) e Illes Balears (-34,9%).

Índices de cifra de negocios. Xaneiro 2021


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado diminúe en Galicia un 3,4% respecto ao mes de xaneiro de 2020, 1,2 puntos menos que en España (-4,6%).



O persoal ocupado diminúe un 1,8% no *Comercio* e un 4,8% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas negativas agás *Información e comunicacións* (1,3%), *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (0,5%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (2,6%). A maior redución de emprego dáse na *Hostalería* (-17,0%).


En España, o persoal ocupado diminúe en todos os sectores. O maior descenso rexístrase tamén na *Hostalería* (-16,7%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas reducen o emprego no sector servizos no mes de xaneiro con respecto ao mesmo mes do ano 2020. As taxas máis baixas rexístranse en Canarias (-11,2%) e Illes Balears (-10,9%).

Índices de persoal ocupado. Xaneiro 2021

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xaneiro 2021

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|---|--------------|---------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | |
| Xeral | 99,3 | -18,1 | -18,1 |
| Comercio | 93,3 | -23,2 | -23,2 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 80,3 | -9,9 | -9,9 |
| Comercio por xunto | 90,1 | -30,0 | -30,0 |
| Comercio ao retalho | 103,7 | -7,1 | -7,1 |
| Outros servizos | 116,8 | -2,9 | -2,9 |
| Transporte | 167,5 | 22,1 | 22,1 |
| Hostalería | 33,7 | -64,9 | -64,9 |
| Información e comunicacións | 104,6 | -5,0 | -5,0 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 114,5 | -3,8 | -3,8 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 88,3 | -22,1 | -22,1 |
| España | | | |
| Xeral | 96,6 | -16,5 | -16,5 |
| Comercio | 102,2 | -13,3 | -13,3 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 90,6 | -23,9 | -23,9 |
| Comercio por xunto | 104,7 | -12,9 | -12,9 |
| Comercio ao retalho | 100,6 | -10,5 | -10,5 |
| Outros servizos | 86,3 | -22,7 | -22,7 |
| Transporte | 93,8 | -19,1 | -19,1 |
| Hostalería | 38,2 | -60,1 | -60,1 |
| Información e comunicacións | 99,0 | -10,4 | -10,4 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 108,5 | -10,2 | -10,2 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 79,2 | -28,6 | -28,6 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xaneiro 2021

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|---|--------|---------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | |
| Xeral | 92,5 | -21,9 | -21,9 |
| Comercio | 95,6 | -18,1 | -18,1 |
| Transporte | 170,0 | 9,4 | 9,4 |
| Hostalería | 35,0 | -64,1 | -64,1 |
| Información e comunicacións | 106,7 | -4,3 | -4,3 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 107,2 | -10,8 | -10,8 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 112,3 | -12,2 | -12,2 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xaneiro 2021**

| | ÍNDICE | VARIACIONES (%) | |
|----------------------|-------------|-----------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE AÑO |
| ESPAÑA | 96,6 | -16,5 | -16,5 |
| Andalucía | 98,2 | -13,5 | -13,5 |
| Aragón | 94,7 | -15,1 | -15,1 |
| Asturias | 97,3 | -13,2 | -13,2 |
| Balears, Illes | 55,9 | -34,9 | -34,9 |
| Canarias | 75,4 | -35,1 | -35,1 |
| Cantabria | 107,6 | -12,0 | -12,0 |
| Castilla y León | 92,8 | -13,4 | -13,4 |
| Castilla-La Mancha | 99,3 | -16,1 | -16,1 |
| Cataluña | 93,0 | -16,3 | -16,3 |
| Comunitat Valenciana | 103,0 | -11,6 | -11,6 |
| Extremadura | 96,0 | -13,4 | -13,4 |
| GALICIA | 99,3 | -18,1 | -18,1 |
| Madrid | 100,5 | -18,0 | -18,0 |
| Murcia | 107,5 | -10,3 | -10,3 |
| Navarra | 103,2 | -12,1 | -12,1 |
| País Vasco | 103,8 | -9,5 | -9,5 |
| Rioja, La | 104,6 | -12,5 | -12,5 |

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xaneiro 2021

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|---|--------------|---------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | |
| Xeral | 103,1 | -3,4 | -3,4 |
| Comercio | 106,5 | -1,8 | -1,8 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 95,4 | -4,3 | -4,3 |
| Comercio por xunto | 120,3 | -0,2 | -0,2 |
| Comercio ao retalho | 100,8 | -2,3 | -2,3 |
| Outros servizos | 100,6 | -4,8 | -4,8 |
| Transporte | 101,2 | -3,9 | -3,9 |
| Hostalería | 82,5 | -17,0 | -17,0 |
| Información e comunicacións | 109,8 | 1,3 | 1,3 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 108,1 | 0,5 | 0,5 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 113,9 | 2,6 | 2,6 |
| España | | | |
| Xeral | 102,4 | -4,6 | -4,6 |
| Comercio | 104,3 | -2,6 | -2,6 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 102,8 | -4,2 | -4,2 |
| Comercio por xunto | 109,9 | -1,1 | -1,1 |
| Comercio ao retalho | 101,0 | -3,3 | -3,3 |
| Outros servizos | 101,0 | -5,9 | -5,9 |
| Transporte | 105,9 | -2,7 | -2,7 |
| Hostalería | 83,5 | -16,7 | -16,7 |
| Información e comunicacións | 110,0 | -0,9 | -0,9 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 106,2 | -1,6 | -1,6 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 109,6 | -2,7 | -2,7 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xaneiro 2021**

| | ÍNDICE | VARIACIONES (%) | |
|----------------------|--------------|-----------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| ESPAÑA | 102,4 | -4,6 | -4,6 |
| Andalucía | 100,0 | -5,2 | -5,2 |
| Aragón | 104,2 | -4,6 | -4,6 |
| Asturias | 100,2 | -3,6 | -3,6 |
| Balears, Illes | 82,1 | -10,9 | -10,9 |
| Canarias | 96,9 | -11,2 | -11,2 |
| Cantabria | 100,5 | -5,8 | -5,8 |
| Castilla y León | 99,6 | -4,4 | -4,4 |
| Castilla-La Mancha | 103,5 | -3,1 | -3,1 |
| Cataluña | 103,6 | -4,4 | -4,4 |
| Comunitat Valenciana | 106,4 | -3,3 | -3,3 |
| Extremadura | 100,5 | -4,0 | -4,0 |
| GALICIA | 103,1 | -3,4 | -3,4 |
| Madrid | 104,7 | -3,7 | -3,7 |
| Murcia | 106,9 | -4,0 | -4,0 |
| Navarra | 102,9 | -5,5 | -5,5 |
| País Vasco | 102,0 | -3,4 | -3,4 |
| Rioja, La | 104,2 | -3,7 | -3,7 |

Fonte: INE